

denuncia.

Terceira.-Os feitos que se denuncian en concreto son os acontecidos nos números 10, 11, 12 e 13 do denominado Barrio do Cura no Casco Vello de Vigo.

En concreto o acontecido foi o esboroamento da cuberta e perpiaños de granito da maior parte da parte superior da fachada do número 11, así como de máis da metade dos do "soportal-pasarela" común ás antigas vivendas dos números 10,11, 12 e 13 e que aparecen sinalados no Doc. 1.

Moitos dos perpiaños do "soportal-pasarela" atópanse nun aparente equilibrio precario co que é de temer máis derrubes.

Doc.2: fotos do estado no que se atopa a zona mencionada antes dos feitos acontecidos, aos poucos días de que acontecese e seu estado presente.

Como se pode observar o grao de abandono e máis que evidente, chegando ata o punto dos desprendimentos que se denuncian, así como a palmaria situación de abandono que fai que a referida zona se constitúa, de feito, como zona de escombrado e cúmulo de lixo.

O estado xeral do Barrio do Cura é dun lamentable abandono que tamén incluí a vía pública, e onde ademáis creceu a vexetación ata un nivel arbustivo.

A día de hoxe, aínda non se aprecia ningunha labor de reparación ou consolidación do "soportal-pasarela", nen da fachada do inmovible do nº 11, nen dos inmobles anexos tamen danados no derrube dos perpiaños do nº 11 e en evidente deterioro.

Cuarta.- Os feitos denunciados supoñen unha evidente conculcación da lexislación vixente sobre protección do patrimonio cultural de Galicia, chegando ata o punto de constituir una infracción grave das recollidas no artigo 91 c) da Lei 8/1995, de

30 de octubre, de Patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia que recolle: *constitúen infraccións graves o incumprimento do deber de conservación dos propietarios ou poseedores de bens declarados de interese cultural.*

Entendemos que a propiedade dos bens obxecto da denuncia incumpre gravemente a lexislación aplicable.

Segundo o exposto,

Solicito que se teña por presentado este escrito e, a súa vista se realicen as averiguacións pertinentes tendentes a acreditar a realidade dos feitos descritos e, no seu caso, se adopten as actuacións que correspondan e se impoñan as sancións procedentes.

Vigo, 18 de febreiro de 2015



